

**Reparto do emprego
reparto da riqueza**



Partido Comunista de Galicia

www.pcg Galicia.org

Un ano máis, os traballadores e as traballadoras de todo o mundo imos conmemorar este 1º de maio renovando o noso compromiso de loita pola conquista dun mundo mellor, onde a solidariedade, a xustiza social, a igualdade e a paz deixen de ser só palabras para converterse en práctica habitual e de convivencia social.

O capitalismo mundial segue demostrándonos que lonxe de levar a paz e o benestar aos pobos, prosegue co seu ronsel de devastación, expoliando as riquezas naturais do mundo enteiro e sumindo ás súas xentes na pobreza, na guerra e a morte. Iraq, Palestina ou Africa son exponentes claros e sangrantes da rapiña imperialista que baixo a falsa escusa de combater o terrorismo ou de exportar a súa democracia invade todos os recunchos do planeta. Coas súas bombas destrutivas e coas suas multinacionais ávidas de máis e máis beneficios o único que conseguiron é un mundo máis inseguro e inestable, onde a desesperación, a impotencia e o odio intensifícanse e constitúen un caldo de cultivo idóneo para máis terrorismo.

Este 1º de maio en Europa vén determinado polas reformas laborais que se pretenden aprobar nun futuro próximo e que forman parte do chamado Libro Verde. Todo un alarde de desregulación do mercado de traballo que responde á lóxica neoliberal do Tratado Constitucional. Pretender combinar a flexibilidade organizativa demandada polas empresas coa seguridade laboral que defendemos os traballadores e as traballadoras, resulta de todo imposible e contradictorio. Baixo o termo de flexiseguridade escóndese o intento real de revisar á baixa a normativa reguladora da contratación indefinida para impulsar amplamente a contratación temporal.

No Estado español, este 1º de maio celébrase nun contexto económico e laboral nada favorable para os intereses da clase obreira. Asistimos nestes últimos meses á aprobación de diferentes reformas, a Reforma Fiscal, A Reforma Laboral e a Reforma da Seguridade Social que lonxe de supoñer un avance dos dereitos laborais de traballadores e traballadoras, contribuíndo a aumentar o seu poder adquisitivo, a súa estabilidade, seguridade e o seu benestar, volveron a poñer o acento no beneficio e o interese patronal.

Estas reformas supuxeron unha importante inxección de diñeiro público ao empresariado a través de bonificacions, rebaixas de cotizacións e axudas extraordinarias á contratación de diferentes colectivos. Seguen a mesma lóxica de reformas anteriores coa aplicación de constantes recortes laborais en nome da seguridade e a calidade do emprego. Con todo, vimos como ao longo das dúas últimas décadas a temporalidade disparouse ata porcentaxes realmente escandalosas e a calidade do emprego viuse sustancialmente rebaixada cunha enorme proliferación dos chamados contratos lixo.

A economía vai ben, gábase o Goberno, porque o crecemento económico é superior aos producidos nos países da nosa contorna e o desemprego rebaixouse sustancialmente. Zapatero prosegue co seu discurso triunfalista e tan afastado da realidade cotiá da clase traballadora á vez que ameaza de novo con recortes da

Seguridade Social. Con todo, ocultan convenientemente como se repartiu ese crecemento da riqueza que foi a engordar, de forma vergoñenta, as rendas máis altas, con cuantiosos beneficios empresariais e con raquíuticos aumentos salariales. A participación das rendas do traballo no PIB segue perdendo peso a favor das rendas do capital, poñendo de manifesto a orientación neoliberal das políticas económicas e laborais do PSOE.

O día a día das familias traballadoras, novas, mulleres e inmigrantes maniféstase con toda a súa crudeza e o porvir preséntase incerto. O endeudamento familiar alcanza cifras realmente escandalosas e perigosas, hipotecando o seu propio futuro. As dificultades económicas aumentan para chegar a final de mes, a capacidade de aforro segue diminuindo, adquirir unha vivenda converteuse nunha hipoteca para sempre e a pobreza alcanza xa a aqueles que teñen un emprego. A precariedade, verdadeira lacra do noso mercado laboral, ponse de manifesto a través de abundantes e abusivos contratos eventuais, baixos salarios, longas xornadas e ritmos agotadores, falta de seguridade e finalmente, como consecuencia de todo iso, un alto índice de siniestralidade e de enfermidades laborais que leva á morte a miles de traballadores ao longo e ancho da nosa xeografía.

Moitos somos os que non nos resignamos a esta realidade, seguimos rebelándonos ante semellante barbarie, alzando as nosas voces xunto á de miles e miles de persoas que loitan polos seus dereitos e o seu emprego (exemplo Delphi), non renunciaremos á utopía, poñéndonos en acción e organizando o cambio cara a un futuro máis xusto.

Nós seguimos defendendo unha drástica redución da precariedade no emprego recuperando a causalidade na contratación e reducindo o número de modalidades. Unha maior protección laboral fronte ao despedimento aumentando sustancialmente as indemnizacións e limitando as súas causas. Eliminación das ETTs, xornada de 35 horas sen redución salarial, recuperación do poder adquisitivo, cumprimento da normativa de saúde laboral, persecución da fraude na contratación, avances en materia de igualdade de xénero, democratización no ámbito da empresa. Estas propostas poñen de manifesto que é posible, urxente e necesaria a súa aplicación.

Este 1º de maio segue impulsándonos, motivándonos, renovamos o noso compromiso e poñemos a disposición do combate e a loita obreira, toda a nosa capacidade e enerxía porque nos sabemos deudores de tantos homes e mulleres que nos precederon en tempos pasados, dando o mellor deles para que a loita de clases siga sendo, de forma imparabile, a palanca que move a historia da humanidade.

VIVA O PRIMEIRO DE MAIO